

A black and white photograph showing several large wooden barrels, likely for wine or spirits, stacked and partially open. The wood grain and metal bands are clearly visible.

**CONCELLO
DE VIGO**



MUSEO LISTE—ETNOGRÁFICO DE VIGO

PROGRAMACIÓN 4º TRIMESTRE DE 2023 (OUTUBRO, NOVIEMBRE, DICIEMBRE)

EXPOSICIÓN PERMANENTE

SALAS TEMÁTICAS

Os tecidos

Simboloxía dos oficios

O peche

A madeira escavada

A luz

A materialidade da fe

A arte de curar

Os cultivos tradicionais

VISITAS GUIADAS

PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE

(mínimo 10 persoas)



A colección permanente, organizada en distintas salas temáticas, permite a contemplación dun rico patrimonio que nos transporta a formas de vida pasadas. Unha achega á historia a través da súa cultura material.



EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

ANCESTROS TECNOLÓXICOS

Recolle a evolución tecnolóxica a través dunha escolma de pezas organizadas en cinco ámbitos representativos:


- O doméstico: enxoval como batedores, picadoras ou reladores.
- O traballo de oficina: máquinas de escribir, calculadoras e protectógrafos.
- Os medios de comunicación: teléfono, radio e televisión revolucionan hábitos e formas de relacionarse.
- O ocio: o consumo de música mudou cos gramófonos, tocadiscos e radios.
- A arte: representada pola fotografía e os aparellos que acompañaron ao ser humano no seu deceso por conxelar o tempo.



ENTRADA GRATUÍTA (agás visitas guiadas)

Lugar: Sala de Exposicións Temporais.

Datas: ata o 31 de decembro.



EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

O NADAL NA TRADICIÓN

Como ven sendo habitual nestas datas, o museo exhibe unha escolma de beléns representativos de distintos artesanatos mundiais.

Entre outros, contemplaremos parte da colección de microbeléns de Joseba Barturen, con maioritaria presenza dos beléns procedentes do continente americano; e unha escolma da colección de presepios portugueses doada por Xabier Maañón.

A riqueza iconográfica das pezas expostas transpórtannos ás diferentes tradicións, iconografías e materiais arredor desta celebración.



ENTRADA GRATUÍTA (agás visitas guiadas)

Lugar: Sala da Madeira Escavada

Datas: do 1 de decembro de 2023 ao 5 de xaneiro de 2024



ACTIVIDADES CÍCLICAS

SAMAÍN: DE AQUÍ NUN ANO.

Festexaremos o Samaín incidindo no seu aspecto temporal de celebración do Aninovo celta, a apertura dun ciclo que rematará e voltará a comezar coa expresión desiderativa de vida “daquí nun ano”.

Desenvolvemento:

- Parte teórica: introdución á festa, orixe e evolución.
- Parte manipulativa: confección dunha manualidade de temática afín que poderán levar como agasallo.
- Xogo “Unha apócema faremos e de aquí nun ano voltaremos”: xogo de busca no noso misterioso labirinto do terror.

Convidamos aos participantes a traer cabazas decoradas para o noso tradicional concurso.

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de 3 a 12 anos.



PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE

1 EURO POR PARTICIPANTE

Datas: do 17 ao 31 de outubro.



ACTIVIDADES CÍCLICAS

O NADAL: SINGULARES BELÉNS

Este ano deterémonos nos beléns singulares e naqueles que exhiben pezas que os distinguen como o Caganer catalán.

Desenvolvemento:

- Parte teórica: orixe, historia, evolución e tipos de nacementos.
- Parte expositiva: exhibición de beléns das coleccións privadas de Joseba Barturen, de Xavier Maañón e fondos propios.
- Parte manipulativa: "Artistas secundarios": realización dunha manualidade relacionada cos personaxes menos coñecidos dos beléns e do Nadal.

Duración aproximada: 60 m.


Dirixido a: grupos de 3 a 12 anos.



PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE

1 EURO POR PARTICIPANTE

Datas: do 5 ao 20 de decembro.



ACTIVIDADES ESPECIAIS

OS SONS DO TRABALLO

A martelada do ferreiro, a máquina de coser da costureira, o chifre do afiador, ... mergúllannos no mundo dos oficios introducíndonos nunha das salas da exposición a través de aspectos que resulten familiares e establezcan relacións que xeren coñecemento.

Desenvolvemento:

- Parte teórica: introdución con breve percorrido pola Sala dos Oficios.
- Parte práctica: recoñecemento de oficios e dos elementos que os definen protagonizados polos seus sons coa utilización de gravacións sonoras.
- Parte lúdica: xincana de busca con soporte de tarxetas e pezas etnográficas.


Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de 3 a 8 anos.



PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE

1 EURO POR PARTICIPANTE



ACTIVIDADES ESPECIAIS

MARIANO MARCOS ABALO: A VIDA DEBUXADA

Debuxante, escritor, autor do “Esconxuro da queimada”. Os seus debuxos, protagonistas desta actividade, recrean unha visión etnográfica presente nos contidos do museo. A través deles afondaremos en formas de vida pasadas unindo etnografía e arte.

Desenvolvemento:

- Parte expositiva: exhibición de obras orixinais do artista das series “As árbores”, “Os espantallos”, “As nosas cousas”.
- Parte lúdica: xogo de aprendizaxe e entretemento a través do recoñecemento de oficios, identificación de pezas e acertixos por medio de seriados con manipulación de reproducións dos debuxos do artista.
- Parte práctica: creación dun “Mouchiño de Mariano”.


Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de 6 a 12 anos.



PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE

1 EURO POR PARTICIPANTE



ACTIVIDADES ESPECIAIS

ENIGMA


Os xeroglíficos, as mensaxes cifradas e outras linguaxes gardaron información que, ás veces, segue a ser unha incógnita na actualidade. Partindo da grande curiosidade que espertan estas enigmáticas mensaxes e códigos, alimentando un deveso por coñecer que non sempre conseguimos resolver, convidamos aos participantes a mergullarse no seu misterioso mundo.

Desenvolvemento:

- Parte teórica: introdución audiovisual ao mundo dos códigos e mensaxes cifradas.
- Parte lúdica: xincana que prioriza o traballo en equipo con probas diversas nas que descifrar distintos códigos: morse, braille, alfabetos numéricos, código aeronáutico e múltiples adiviñas.

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: grupos de 12 a 15 anos.



PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE

1 EURO POR PARTICIPANTE



ACTIVIDADES ESPECIAIS

INTERNAL, A VIAXE NO MLISTE

Actividade deseñada empregando os principios motivadores dos videoxogos: creación de roles, obtención de privilexios, elementos sorpresa como dinamizadores, batallas de grupos, puntos de xogo, intervención e recreacións, temporizacións, ...


Con ela preténdese fomentar a aprendizaxe a través da experiencia colectiva desde outra perspectiva.

Desenvolvemento:

- Resolución de distintas misións a través das salas do museo.
- Uso de diversas técnicas (intervención, recreacións, contemplación silenciosa, mapas mentais...) que poñan de manifesto a capacidade práctica do grupo.


Duración aproximada: 90 m.

Dirixido a: grupos de 12 a 18 anos (máximo 15 participantes por grupo).



PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE

1 EURO POR PARTICIPANTE



ACTIVIDADES ESPECIAIS

GUÍAS DE SINGRADURAS: GARDANDO A RÍA

Actividade que evidencia a importancia da sinalética marítima e o longo proceso percorrido ata acadar a súa universalización.

Desenvolvemento:

- Parte teórica: historia da seguridade na navegación e dos distintos sistemas e medidas que se foron utilizando para acadar unha maior seguridade no mar. Os sinais diúrnos, os nocturnos, os acústicos, a radiotelegrafía e os posteriores avances tecnolóxicos con especial atención a faros, balizas e boias.
- Parte práctica: xogo grupal no que somerxerse na historia dos naufraxios e accidentes marítimos nas costas galegas para, posteriormente, a través dunha dinámica relacional, coñecer a costa e os seus faros.

Duración aproximada: 60 m.

Dirixido a: a partir de 6 anos.



PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE

1 EURO POR PARTICIPANTE



“Cando uns ollos pechan...”
David Marcos Del Río Martínez.

INFORMACIÓN XERAL

HORARIOS

DE MARTES A SÁBADO: de 10:00 h. a 14:00 h

MÉRCORES: de 10:00 h. a 14:00 h. e de 17:00 h. a 19:00 h.

VISITAS GUIADAS E ACTIVIDADES (SÓ PARA GRUPOS PREVIA SOLICITUDE)

CONTACTO

Tel. 986 244 698

repcion@museoliste.org

visitas@museoliste.org

Rúa Pastora, nº 22, Vigo

TARIFAS

Entrada xeral: 2 €

Entrada reducida (3ª idade, parados, estudantes): 1 €

**Entrada visitas guiadas e actividades (para grupos,
mínimo 10 persoas, previa solicitude): 1 €/persoa**

Gratuito:

Centros de Ensino do Concello de Vigo para visitas guiadas
ao museo

Exposicións temporais (sen guía)

Tardes dos mércores (sen guía)

Menores de 6 anos (sen guía)

ESPAZO "CO TEU CAN" (DOG FRIENDLY)

VISITE O NOSO BLOG: <https://museoliste.org/blog/>